# Babel

Monarquía e Democracia   Espazos Naturais no concello do Barco   Por la Tercera República
Educación para la ciudadanía: una batalla estéril
Memoria Histórica e Memoria Hierárquico-Eclesial
Nacional-Burremia   Francisco Ferrer desde Bélxica
Xornadas culturais de Córgomo   Recensións
Un dos nosos: Veremundo González   Aos Enterrados, Desterrados e Aterrados

Boletín do Ateneo Republicano de Valdeorras. Abril 2008. Nº 2



En portada: Veremundo González

Editorial



## *Monarquía e Democracia*

Pasaron xa 32 anos dende a volta da monarquía a España. Máis alá de considerala unha institución intocable, perante todo este tempo, pouco ou nada se debateu sobre ela. Mais co motivo dos recentes e azucrados festexos nos medios de comunicación: prensa, radio e televisión, arredor do setenta aniversario de Xoan Carlos Borbón, e dos corenta do seu fillo Felipe, convén recordar que a monarquía é contradictoria coa idea dunha democracia avanzada. Soamente unha auténtica democracia pode artellarse sobre a figura republicana. En España de tipo federal ou confederal.

As monarquías, que teñen como obxectivo político permanente a súa supervivencia, son herdeiras e vitalicias. Ideoloxicamente aséntanse no concepto de "privilexio", recibido de Deus en "ile tempore", e que de continuo abalan as distintas xerarquías relixiosas coas que se reparte os poderes: un o temporal e os outros o espiritual. É por iso que a monarquía está sempre por riba dun sistema representativo no que os gobernantes están lexitimados pola vontade popular e cunha limitación do mandato no tempo. Limitación das maxistraturas do Estado, posta en práctica por primeira vez polos pais fundadores da Constitución americana no século XVIII, que serve para reducir os perigos da concentración do poder en poucas mans e tamén como antídoto á tiranía.

A monarquía española reina baixo a fórmula de parlamentaria, figura coa que os redactores da Constitución de 1978 trataron de equiparala co resto das monarquías europeas do momento. Mais na España constitucional o rei mantén baixo o seu mando directo o poder dos exércitos, como xefe supremo deles, por non falar entre outros desaguisados de que discrimina a muller na sucesión. Non podemos esquecer por outra parte que é unha institución reinstaurada por Franco e que o actual rei sempre se mantivo calado ante a represión e os fusilamentos da moribunda autocracia.

Fronte a toda a morea de cortesáns que sempre responden con ocorrentes variantes das frases: "eu son republicano de Xoan Carlos I", ou "eu son xoancarlista", que na maioría dos casos soamente disfraza o oportunismo político de ex lacaios da tiranía e de "loitadores antifranquistas" que estiveron de vacacións durante corenta anos; que xustifica tamén os intereses das elites económicas herdeiras da gran acumulación capitalista que propiciou a ditadura a costa das miserias da poboación; e que disfraza o xesuitismo moral dos ideólogos do presente que comen nas maseiras dos orzamentos públicos; hai que explicar e seguir a recalcar que as monarquías teñen mal futuro si as democracias o teñen bo.

**www.valdeorrasrepublicana.tk**

# NACIONAL-BURREMIA

**Xosé Luis Arias**

Discordias sobre la enseñanza de la historia.
El patriotismo es el delirium tremens de los que se emborrachan con ese infecto aguardiante de alcohol de quemar que es la "conciencia histórica".
Pero el solitario histrión que a altas horas de la noche acaba por sacar la vieja y negra pistola y, poniéndola con un sonoro golpetazo sobre el mármol del mostrador del bar, se vuelve hacia los atónitos clientes de las mesas y les grita "Viva España" es, a despecho de las apariencias, un residuo anecdótico mucho menos peligroso que los sabios alquimistas que ahora con nuevos saberes ajustados al gusto de los tiempos andan riñendo por redestilar en sus alambiques ontológicos el venenoso bebedizo.
R. Sánchez Ferlosio

## 1.- PASEN E VEXAN

Este artigo está escrito contra a clase política en xeral e a nacionalista en particular. Radiografía dunha imaxe social fragmentada e sempre aberta a múltiples interpretacións.

A Nacional-Burremia é unha farsa que se interpreta de Norte a Sur e de Leste a Oeste da Península Ibérica e que ten por protagonistas a unha clase política que vive da representación teatral: ".... facer o ridículo en público sobre unhas bambolinas cochambrosas e cun guión que avergonzaría ó máis perseverante analfabeto..." "...sen habilidade laboral nin mestría valorable no mercado, que non sexa esta de parasitar a sociedade económica e socialmente produtiva con cuxo peso os demais cargamos..." (Gabriel Albiac). Que conste en acta.

Este espectáculo dramatúrxico desenvólvese coa colaboración dun público entusiasta disposto a aplaudir en canto o bufón de turno lle prende lume á fogueira.

## 2.- POR UNHA MANCHEA DE EUROS

Unha clase defínese en Lóxica como un conxunto de elementos que teñen polo menos unha propiedade en común, neste caso que nos ocupa poderiamos dicir que todos eles aspiran a "vivir" da Política. E xa se sabe que vivir non consiste só en respirar e satisfacer as necesidades básicas, senón tamén en conseguir poder para acaparar diñeiro, que tal e como estan as cousas parece ser a mellor maneira de vivir ben.

Non é necesario ter titulación ningunha, calquera pode converterse nun profesional sempre e cando se presente nas listas dun partido e resulte elixido: logo xa veremos como se reparten as "carteiras".

Esta situación ven avalada en parte porque o campo da Política (a diferenza das chamadas ciencias fortes: Física, Bioloxía, Química, etc. baseadas en leis deterministas que expresan unha serie de regularidades centradas na observación e sometidas a permanente contrastación empírica) é de tal complexidade que debe enfrontarse a un contido indefinible, polisémico que continuamente incorpora conceptos doutros campos que lle obrigan a unha permanente reconstrución filosófica.

De aí, que, como non se precisan especialistas, calquera se sinta capaz de pórse "mans á obra" (cantas máis mellor).

A loita interna por aparecer nas listas en lugares con garantía de éxito ten a súa explicación en que os que non desenvolven cargo ningún teñen un salario base de 4.543 euros brutos se vives en Madrid e 5.433 se ves de fóra, a única condición é que te portes ben e levantes a man ou premas o botón cando che mande o partido (parece incrible que ás veces se trabuquen). Non hai forma de parasitar máis rendible á conta do Estado é dicir, de todos nós.

Exércese a profesión tratando de representar intereses colectivos e tendo por marco de referencia as relacións de poder que se establecen entre os representantes elixidos e os representados,co Estado como máximo expoñente da titularidade do poder, e como garante da eutaxia ou bo goberno que debe velar polo mantenemento do equilibrio social.

## 3.- NACIONAL-ISTMO

Coméntase aquí algunha tese do capítulo 2 do libro "España fronte Europa" de Gustavo Bueno (único filósofo vivo en Europa) simplificación que pretende ser unha invitación á súa lectura e discusión.

**1ª tese:** O termo Nación non é un concepto unívoco, nin equívoco senón análogo con tres acepcións principais (nación biolóxica, étnica e política) e unha cuarta secundaria; nación fraccionaria.

Centrarémonos na Idea moderna de Nación Política que aparece relacionada coa Idea moderna de Estado e a de Cultura, sen perder de vista que dende unha filosofía materialista se requiren sempre os materiais previos que permiten establecer a súa con-formación.

Critícase a posibilidade de que se poida realizar unha evolución dialéctica que partindo da acepción biolóxica se pase á étnica e posteriormente á política, xa que cada unha delas se establece en planos operatorios diferentes e se enfían noutra orde de Ideas.

A meirande parte dos políticos nacionalistas desenfocan o problema cando tratan de apelar a razóns étnicas para reivindicar un status de Nación Política como algo xa iniciado no territorio dos seus antepasados.

Esta tradición histórica de corte hegeliano supón un concepto xeral de nación (sustancialista), xa que parte da base de que a nación é algo en se mesmo por enriba da vontade ou do capricho dos cidadáns e no límite da súa radicalidade recórrese ó terrorismo para acadar o seu Estado para se co propósito de equipararse ás chamadas nacións canónicas (España, Francia, Inglaterra, etc) e contra as cales pretende constituírse o nacionalismo radical tomando a dirección da secesión, e que aspira á desintegración da nación que lle proporcionou precisamente as súas dimensións políticas, tecnolóxicas, económicas e sociais.

O País Vasco por exemplo non evolucionou por se só dende unha situación prehistórica, senón no conxunto de España. A súa historia nunca foi algo que se puidera comparar a unha colonia, a un Estado soxulgado polos españois. De aí que equiparar o nacionalismo vasco que busca a Independencia cun movemento de "liberación nacional" é unha desvergonzante mentira.

**2ª tese:** A clave ideolóxica de todo proxecto de nacionalismo radical é a mentira histórica.

O recurso á Autodeterminación é unha idea mal formada xa que o autós, non é outra cousa que a hipóstase da causa sui, dito en román paladino: nada pode determinarse a se mesmo, son os demais os que te determinan.

De celebrarse unha hipotética consulta popular onde debería levarse a cabo non é en Euskadi senón no Estado español.

Quen estaría autorizado a votar?. Os vascos con pedigrí (jatorras). Os madrileños censados en Donosti que traballan alí?. Os que naceron en Pamplona e viven en Nova York e que se senten euskaldun?, etc.

Ninguén tomaría isto en serio se detrás non estiveran os pistoleiros.

Ademais de conseguir un novo D.N.I. deberían explicar aos cidadáns en que melloraría seu nivel de vida, que beneficios lle reportaría formar parte dun Estado independiente tal e como está estruturado o mapa europeo actual.

Aínda que o transfondo é de carácter político non debe esquecerse que todo o ritual está contaminado de perfís sicolóxicos e sobre todo moito sentimentalismo. Quen di sentirse máis galego, vasco ou catalán que español e para iso recorre a signos identitarios propios (gaita, ikurriña, butifarra) debería saber que se está a situar nun plano que só tanxencialmente roza o político e se coloca noutro que non precisa das reconstrucións operatorias históricas e socio-económicas da política.

Quixera expoñer aquí tamén o interesante enfoque de J.M. Ripalda, quen presenta o problema do nacionalismo fóra do independentismo e a autodeterminación, seguindo a liña moderada da "Pelota Vasca" de Julio Medem.

A construción da identidade de España ten moito que ver cunha ferida non fechada onde estivo moi presente a barbarización do descoñecido, intolerancia, violencia.

Hai que deconstruír esa retórica abstracta e superficial no fondo que plantexa o problema dende un maniqueismo que enfrontaría ós bos (demócratas) e os malos (nacionalistas e terroristas).

Os gobernantes actuais na busca de rendibilidade electoral escenifican nun parlamentarismo baleiro a loita entre un nacionalismo español irrespetuoso coa pluralidade cultural da periferia e un vitimismo autonómico centrado exclusivamente na economía.

Segen esquecendo o recoñecemento (Hegel) como a base da Política e presumen da unificación da sociedade civil proposta por algún intelectual europeo (Habermas) e o que é aínda máis infame, tratan de focalizar a identidade de España no cristianismo (Aznar) lastre que arrastra tamén o PSOE nos seus vis a vis co Vaticano.




Remantando xa, apuntar que tanto o nacionalismo galego como o vasco e o catalán non se definen por se mesmos senón en relación co resto do Estado español e que non se nos pase por alto que se aquí non temos unha República Federal é porque foi derrotada por un golpe militar.

## 4.- BURREMIA

"Papá papá! En el cole nos obligan a hablar el gallego."

Cando unha mensaxe coma esta cae nun cerebro orfo de neuronas pode causar o que os físicos chaman "efecto bolboreta", e provocar un desastre a Km de distancia. Ese descerebrado fala con outros e crean unha plataforma en defensa nada menos que do idioma español (revólvense os paxaros cara as escopetas) co beneplácito do ppartido político de turno.

De varios casos illados, xeralizan e montan un problema serio que falsea por completo a realidade escolar.

Calquera que sinta realmente interese polo tema non ten máis que consultar os informes dos equipos de Normalización Lingüística para contrastar que o único idioma que está en perigo é precisamente o galego.

Os máis ignorantes pensan que este idioma o inventou o BNG, empecinados en que todos os cativos

teñen que falalo coa creación das Galescolas.

Apuntar unicamente como puxo de manifesto Américo Castro que o período de máximo esplendor cultural na Península se fixo en árabe, hebreo, catalán e galego nos séculos XII e XIII, polo tanto estamos a falar dunha lingua á que probablemente aínda non se lle prestou a atención que merece.

Silenciada nas Institucións durante máis de corenta anos, perseguida ata por don Manuel nos seus anos imperiais, non foron quen de facela desaparecer, pola sinxela razón de que unha lingua non se extingue pola decisión dunha determinadada formación política, nin sequera o conseguiu a ditadura co galego para canto máis logralo co español estendido por outros continentes (tranquilos bilingüistas harmónicos ou filharmónicos).

As linguas enriquecen ó que as fala, non son excluíntes. Ó contrario, son integradoras, permiten escrutar as diferencias precisamente a partires do que nos une, por iso son inter-subxectivas (entre suxeitos).

A quen perxudica que un cativo de tres anos se escolarice en galego e ademais estude español, inglés, francés, etc?. Unicamente a aqueles que argumentan baseándose nunha falsa conciencia, ben por ignorancia ou ben por intereses espúreos e meramente electoralistas.

Aquí confúndese cumprimento da lei con "caza de bruxas". Un Estado Autónomo ten tanto dereito a normativizar a súa lingua como a recaudar impostos, en ambos casos está amparado pola Lei, a que invocan os que apelan á Constitución (cooficialidade das duas linguas) pero que esquecen cando se trata de comprobar se o 50% das asignaturas se imparten en galego.

Non lle prestariamos tanta atención a isto se non fora porque o eco do orneo chegou ata as mesmísimas orellas da "lideresa", a do Tamayazo, a que se cargou a Albertito, quen dixo que estaba disposta a conceder unha bolsa (supoño que co diñeiro que debería destinar ó ensino público) a tódolos alumnos que non puideran estudar en español nas diferentes Autonomías; en fin, suliño isto por pura cuestión antropolóxica, para verificar un caso máis do eslabón perdido.

## 5.- BAIXANDO O TELÓN

A meirande parte do que os farsantes pretenden facer pasar por "política", non é máis ca un xogo da linguaxe onde se empregan palabras como Independencia, Esquerda/Dereita, Nación, etc, sen ter en conta nin o campo semántico no que aparecen, nin as súas relacións sistemáticas. Unha atenta análise xenealóxica serviría polo menos para que cando as utilicen non sigan facendo o ridículo.

Mais a batalla política non se centra hoxe precisamente na linguaxe, xa que non hai diálogo, só temos acceso ó "real" a través da simulación (imaxes) e os simulacros (signos) que constitúen segundo J. Baudrillard a era do hiperrealismo, do baleiro, onde a realidade máis profunda aparece camuflada en abundantes apariencias que seguen ocultando tanto a explotación como a plusvalía, ademais dun dominio social por parte dunha elite gobernante cuxa máxima aspiración é manterse no poder.

Como pode emprenderse unha reforma dos Estatutos de Autonomía, sen modificar algún artigos da Constitución? e a reforma do Senado para cando? E as listas abertas, e a fiscalización da financiación dos partidos políticos, e o voto por correo electrónico, etc.



Xa non importa o que nos conten, o medio é a mensaxe e o (masaxe), a comunicación non é relación co outro, senón mera pose, xogo de significantes sen obxecto de referencia.

Ninguén pode crer (excepto M. Pujalte) que os seguidores da banda do bigote son de dereitas e os socialistas obreiros de esquerda, por certo esta nunca estivo unida e hoxe está máis ben "fundida" entre a España bipolar.

Os restos do que foi unha sociedade civil aparecen agora repartidos entre unha inxente cantidade de fregueses que votan con fervor a seu partido aínda que os que o dirixen estean procesados por presunta corrupción, mintan, difamen, leven a cabo golpes de estado encubertos (bloqueo do Tribunal Constitucional), e unha "masa silenciosa" (Baudrillard) incapaz de berrar dende abaixo e mobilizarse ante o permanente secuestro do que realmente debe ser a vida política, mentres estes baixan a cabeza os actores farsantes saen entre bastidores cantando a Macarena e Asere-jé-jé-jé e moi pronto o himno nacional (cal deles?). "La verdad de la patria la cantan los himnos: todos son canciones de guerra". (R. Sánchez Ferlosio).

# *Xornadas culturais de Córgomo*

**Anxo Baranga**

No ano 2001 os veciños de Córgomo, coa colaboración de Furafollas Agrupación Teatral de Barcelona, deciden recuperar a memoria do seu poeta Florencio Delgado Gurriarán, morto no exilio. E solicitarlle á Real Academia Galega que homenaxee ao poeta corgomés coa dedicatoria do Día das Letras Galegas do ano 2003, pois nesa data cumpríanse 100 anos do seu nacemento. Para isto organizan unha noite de poesía, música e contos dramatizados. A repercusión na comarca e o éxito de público foi tan importante que se animaron a repetir a experiencia cada ano, e convidan a outros grupos de teatro afeccionados ou profesionais.




Nestes sete anos de Xornadas Teatrais de Córgomo, non se acadou que a Real Academia Galega dedique a don Florencio Delgado Gurriarán o Día das Letras Galegas. Mais os veciños fundaron unha asociación cultural, FDG Cultural, que publicou un libro no que se recollen as mellores pezas do poeta; colaborou na edición dun CD do cantautor valdeorrés Anxo Rei, no que lle pon música ás súas poesías; e converteu a casa familiar na Casa do Pobo, na que se levan organizadas multiples conferencias e exposicións; é membro de Rede.cat de Barcelona; e hoxe en dia, as Xornadas Teatrais de Córgomo son un referente cultural indiscutible para toda Valdeorras que conta co apoio da Xunta de Galiza dende o ano 2007.

Para este ano 2008 prantexan como 1º obxectivo e fundamental, estender as representacións a outras poboacións valdeorresas, seguindo o exemplo que nos legou Florencio, persoa comprometida co seu tempo e que procurou fomentar a vida cultural na comarca. Nesta idea estase a implicar a Portela, do concello de Vilamartín, e a Tremiña, do concello de O Barco. Para isto vaise a artellar un novedoso proxecto que se chamará: VALDEORRAS TEATRO.

Dentro de este novo proxecto esperáse conseguir que pouco apouco se vaian engadindo outras aldeas aportando grupos e ideas propias coa coordinación de FDG Cultural. Tamén se quere iniciar a plantada de especies autóctonas de árbores, cincuenta castañeiros ou carballos, nos montes comunais dos lugares que participan da iniciativa, xa que teatro e natureza xuntos simbolizan a esencia das nosas orixes; crearanse obradoiros de máscaras, de monicreques, de expresión corporal, de clowns, abertos a todos; continuarase demandando á Real Academia Galega que adique a Florencio Delgado Gurriarán o Día das Letras Galegas; homenaxearase cada ano a un académico ou a un persoeiro importante da cultura galega. Con elo intentarase un dobre obxectivo: por unha banda, dar a coñecer a súa obra artística ou literaria organizando unha exposición na Casa do Pobo, e pola outra, que o convidad@ teña a oportunidade de coñecer Valdeorras e as Xornadas Teatrais de Córgomo; traerase un grupo de teatro portugués, seguindo a fuxida de FDG no ano 1936 ata o exilio, para afondar na biografía do poeta e buscar a irmandade coa cultura do país veciño; potenciarase o idioma e os xogos tradicionais, para elo crearanse as Olimpíadas de Xogos Tradicionais e unha Carreira Popular pola Toponimia, que se concretará neste ano nun campionato de bolos e billarda con premios importantes coa idea de reivindicar os anceios que Florencio Delgado Gurriarán plasmou nos seus poemas. O deporte, a lingua e a poesía poden camiñar xuntos.

Todos os anos como colofón homenaxease aos máis vellos. Este acto é o máis emotivo, e nel recoñécese a importancia que tiveron os nosos avós para manter o idioma vivo. Grazas a eles existen as Xornadas de Teatro. Entregáselles un pequeno presente a cada un no escenario, co aplauso de todos.

# RECENSIÓNS




**Vida y destino**
*Vasili Grossman*
***Círculo de Lectores***
Barcelona, 2007.

Vasili Grossman (1905-1964), xudeu ucraniá, viviu a II Guerra Mundial como corresponsal no frente de "Estrela Roxa", o diario do Exército Soviético. Estivo no cerco de Stalingrado e foi o primeiro periodista que deu conta dos campos de extermino, tras a liberación de Treblinka. Tamén en visitar o bunker da cancillería berlinesa onde se suicidaron Hitler e Goebbels. Os seus artigos tiveron moita sona e foron amplamente citados pola acusación nos xuízos do Tribunal de Nuremberg que condenarían aos superviventes do partido nazi.

Enxeñeiro químico de profesión, formouse na Rusia posrevolucionaria tras a conquista do poder polos bolcheviques. Máis nos anos vinte espertouse nel unha profunda interese pola literatura que o levou a relacionarse no Moscou estalinista cos círculos de intelectuais das vangardas artísticas. Foi amigo, entre outros, de Boris Pasternak e de Máximo Gorki.

Vida e Destino, principal obra do autor na que invirtiu 14 anos, narra as vivencias de máis de 150 personaxes que entrecruzan as súas vidas no marco da loita que ten lugar na fronte oriental, en pleno territorio soviético, entre a ofensiva "Barbarroja" do exercito alemán e a derrota de Stalingrado. O eixe central da obra é o sufrimento. Capítulo a capítulo describe a morte, o dolor, as esperanzas, as frustracións, de multitude de homes e mulleres que viviron os avatares da historia rusa dende os anos iniciais do século XX. Como trasfondo están a Guerra civil, a revolución de Outubro, a colectivización forzosa, o exterminio dos "kulaks", a batalla de Moscou, o cerco de Stalingrado, os campos de exterminio, os centros de investigación na Asia central, etc. Máis o terror dos campos do Gulag, das detencións na Lubianka, dos procesos de Moscou, e todo elo en medio dunha crítica soterrada ao poder despótico de Stalin.

Precisamente por iso Grossman padeceu a morte civil imposta aos opositores polas autoridades soviéticas. Como consecuencia a obra foi prohibida, e a KGB incautouse dos orixinais e confiscou as cintas da maquina de escribir que utilizaba. Mais unha copia salvouse e puido chegar a Europa onde se editou varios anos despois da súa morte. A primeira edición en castelán foi feita pola editorial Seix Barral en 1985 e pasou con máis pena que gloria. Nesta nova edición temos a oportunidade de adentarnos neste monumento literario que consigue non deixar indiferente ao lector, algúns críticos considérana a mellor obra do século XX, e que en todo caso é comparable a "Guerra e Paz", de León Tolstoi ou a "Doctor Zhivago", de Borís Pasternak. **F. G.**




**El Vaticano y sus banqueros. Las finanzas del papado moderno, 1850-1950.**
*John F. Pollard*
***Editorial Melusina***
Barcelona, 2007.

Exemplar estudo sobre as finanzas da Igrexa católica durante o século máis crucial da súa historia. Periodo no que a Igrexa estivo sometida a acontecementos políticos externos que supuxeron unha ruptura co mundo na que estaba insertada. Comeza coas loitas pola unificación italiana, que lle supón a pérdida dos estados territoriais pontificios, e acaba na posguerra da II Guerra Mundial e o papado de Pío XII coa súa actuación ambivalente ante o conflicto. No medio o ascenso de Mussolini, a I Guerra Mundial, a revolución rusa, o tratado de Letrán, o "crack" do 29, e a toma de poder polos nazis.

Pollard conta nesta difícil coyuntura o que chama "o nacemento do papado moderno", que explica como a necesidade de buscar unha salida económica ante a quebra das fontes de financiación de tipo feudal sobre as que vivía a curia vaticana. É decir o proceso polo cal unha institución mediavalizante, contaria doctrinalmente a usura, chegou a dispoñer dun amplo capital financiero con ramificacións nos sectores económicos máis contradictorios co mensaje ideolóxico que espalla por todo o mundo.

Analiza nese largo proceso os recursos relixioso-políticos e os medios utilizados: a proclamación da infabilidade papal no Concilio Vaticano I; os dogmas referentes á virxe María: á inmaculada concepción, e á asunción, que asentaron definitivamente o papel do bispo de Roma como "primer inter pares"; a redacción de encíclicas pastorais para homoxenizar posicións ante o desafío do que designaban como "o mundo moderno": ilustración, liberalismo, laicismo, socialismo, etc; o control das xerarquías nacionais a traves de nuncios; a modificación do dereito canónico, etc.

Sobre eses exes, subterráneamente, modificáronse os mecanismos económicos de captación de ingresos: rebitalización do "óbolo de San Pedro"; potenciación das peregrinacións de masas católicas a ciudade eterna co motivo do renacer dos "anos santos"; negocio coa urbanización de Roma; préstamos a gobernos; asociación con banqueiros xudíos e protestantes; creación e control de bancos; participación nas aventuras coloniais de Libia e Abisinia; influencia da igrexa americana nas decisións financieiras; etc.

Ao final o proceso sirviu para artellar un réximen fortemente burocratizado arredor do Papa, con unha gran influencia e capacidade diplomática, parasitario do sistema capitalista que, dende Pío IX ata Benedicto XVI, a totalidade dos papas sempre rechazaron. **F. G.**

# VEREMUNDO GONZÁLEZ



Veremundo naceu en Sampaio, aldea do concello de Petín en setembro de 1909. O seu pai Manuel González García, era da aldea do Seixo e a súa nai Vivina Rodríguez Mancebo, era da parroquia de Santa María de Outeiro. Os pais casaron en 1908 e na seguinte década establecéronse no novo barrio da Estación da Rúa. Foron unha parella máis das que intentaron aproveitar a chegada do ferrocarril á comarca. A infancia de Veremundo transcorreu así entre as aldeas de Outeiro e o Seixo, máis o barrio da Estación da Rúa, onde supoñemos que aprendeu as primeiras letras nas escolas municipais ao mesmo tempo que axudaría aos pais nos traballos da casa.

No ano 1923, seguindo o exemplo de varios veciños e familiares, decidiron probar fortuna nas terras americanas. Embarcáronse cara illa de Cuba. A parella levaba con eles amais do Veremundo, de trece anos, aos seus fillos Manuel e Xosé, xunto a pequena Carme.

A familia de Manuel e Vivina retornou no ano 1932, e tiveron que volver a traballar o raquítico capital, pequenas leiras herdadas pola nai, en Outeiro. En Cuba Veremundo, ampliou a súa formación escolar e política nunha agrupación de emigrantes galegos dun barrio de La Habana.

Tras retornar a Galicia Veremundo e os seus irmáns, xa mozos, integráronse nos grupos de braceiros agrícolas da comarca. Veremundo impulsou desde a militancia no PCE, o sindicato de xornaleiros das aldeas de Mones e Sampiao que levaron a cabo no campo petinés a foga de xuño de 1934 arredor das reivindicacións das oito horas, e a subida do salario para os cavadores até as cinco pesetas de xornal. Protesta que a intervención da Garca Civil impediu que triunfase.

Nesa época na que dedicou moitas horas ás tarefas organizativas e ao activismo político, sendo o secretario comarcal do PCE, foi cando elementos dereitistas estenderon o malnome de "Montalavaca", alcume familiar, polo que acabou sendo coñecido polos veciños da comarca.

En febreiro do 1936 participou na campaña electoral das candidaturas da Fronte Popular e tras o triunfo Veremundo é designado polo Gobernador civil tenente alcalde do concello de Petín o quince de marzo. E dende o concello dirixe a nova folga de finais de abril polas reivindicacións labregas. Mobilización que dura dúas semanas e na que participan amais os sindicatos labregos da Rúa e Vilamartín. A mediados de maio para poñer fin ao conflito o Gobernador designa un Xurado Mixto que acada ditando, entre outras medidas, a xornada de oito horas e as 4,50 pesetas de xornal para os cavadores.

E veu o golpe militar e na noitiña do 19 de xullo tras dirixir como tenente alcalde a requisa de armas polas aldeas de Petín, foi detido pola Garda Civil, que o encarcerou no cuartel da ponte da Cigarrosa. Á tarde do día seguinte liberárono. Marchou a Vilamartín e participou no enfrontamento coa columna de falanxistas e gardas civís que intentaban tomar a comarca. Alí, cos restos dos antifascistas valdeorreses, decidiu dirixirse a Asturias polo monte e acabou integrado no Exercito Popular. Coa desfeita da fronte do norte pasou a Francia e voltou á fronte de Huesca onde foi comisario no XII° Corpo de Exército. Tras loitar na batalla do Ebro, onde morreu o seu irmán Manuel co grado de capitán de artillería, participa na retirada de Cataluña.

Permaneceu varios meses no campo de refuxiados de Vernet, permitíndoselle traballar nunha granxa da Aquitania. Participa nos inicios do "maquis" contra dos nazis e logra chegar a Cuba como refuxiado. Despois de axudar na Revolución castrista, a primeiros da década dos sesenta, volve a Europa para establecerse nos arredores de París onde traballou no sector da construcción. Colabora no voceiro oficial do Partido Comunista de Galicia, "A Voz do Pobo", así como con esporádicas publicacións do exilio antifranquista.

Como complemento da militancia a finais dos anos sesenta inicia a autoedición de libros de poemas baixo o pseudónimo de Alejandro del Valle, en recordo do poeta e periodista comunista ourensán Manuel Gómez del Valle, fusilado no 1936. Publica seis poemarios que distribuie polos círculos culturais do exilio.

Morto o ditador regresa a Valdeorras, vive na sede que o Partido Comunista de Galicia tiña en Fontei, e dedícase preferentemente a editar e publicar o órgano mensual do comité comarcal do partido: "El Eco de Valdeorras". Chegou a sacar á rúa vinte números dispoñendo soamente dunha pequena multicopista que trouxera consigo dende París. Tras volver a Francia a morte pillouno o 15 de marzo de 1986 nunha residencia do sindicato comunista CGT dos arredores de París. Os seus camaradas franceses pagaron o desprazamento do cadáver e o enterramento no solitario cemiterio, asentado sobre un vello castro, de Santa María de Outeiro, e cumpriron co seu desexo de descansar nunha sepultura soleada, rodeada de centenarias oliveiras, dende a que se avistase o espléndido vale do Sil que tanto amou. **F. G.**

# Espazos Naturais no concello do Barco

**Lolo Gómez Segura**

A Xunta de Galicia, non carece nas súas disposicións e decretos ambientais de certo pensamento ecolóxico. De vez en cando escápanse algunhas leis de marcado carácter proteccionista e moi de acordo co que se da en chamar hoxe novas correntes defensoras da natureza. Neste senso chama a atención no cidadá galego a desfeita que se está a producir na capa de xeo nos polos da terra por mor do quentamento global, a destrución arrepiante das masas forestais nos bosques amazónicos, ou o irrespirable que pode resultar o ar nas grandes urbes... Sen dúbida temas afastados. Mais algúns preto de nós como foi o desastre do "Prestige", ou recentemente a abafante ondada de incendios forestais durante o verán do 2006.

Despertaron a nosa conciencia, e as autoridades sabedoras desta preocupación "guai", de maneira case clandestina "nos cuelan" no ano 2005 unha lei das máis progresitas en materia medioambiental. Estóu a falar do Decreto 124/2005, datado no seis de maio, que desenrola, a partir doutra lei medioambiental da propia Xunta de Galicia, a declaración dos espazos naturais de interese local (ENIL) e os espazos privados de interese natural (EPIN). É un xeito de lavar a mala conciencia de moitos políticos que, entre outras cousas, teñen a obriga de lexislar. A mala dixestión do "Prestige" trouxo entre outras cousas boas, esta lei que a pesar das súas vantaxes en materia de protección da natureza, é absolut amente descoñecida polas autoridades locais, pola cidadanía e asociacións ecoloxistas. Asistimos a comezos deste ano á declaración do primeiro "espazo natural galego de interese local" que é o bosque da "Boutereira", no concello ourensán de San Ciprián das Viñas. O propio director xeral da Conservación da Natureza, Xosé Benito Reza, describiu a declaración deste espazo protexido como "un bo exemplo de como os concellos poden participar na protección do seu entorno mediante a solicitude de recoñecementos como este, de espazo natural de interese local, posto que son as entidades locais quen deben demandar a súa creación".

O decreto outorga inmensas posibilidades aos concellos en materia medioambiental coa figura dos ENIL, establecendo cales espazos dentro do seu territorio son merecedores dalgún xeito de protección. E falando do Barco de Valdeorras ninguén pode esquecerse do valor do seu entorno natural que choca coa desfeita do que chamamos o "sitio urbán". Os concellos teñen a obriga de protexer esta riqueza e de ser vixiantes ante ameazas especulativas. A lei está aí esperando a ser desenrolada e aproveitada, porque é boa en liñas xerais.

Simplemente hai que ter vontade política para aplicala. No caso do concello do Barco sería interesante establecer qué espazos son merecedores de ser catalogados como ENILes. Debe ser a propia corporación quen



propoña e pida á Xunta a declaración dos espazos protexidos. Non estariamos ante un mapa medioambiental municipal, senón ante a urxente delimitación de qué espazos queremos que sexan protexidos xa, polo medo de chegar a desaparecer. Non falamos daqueles que tendo indubidable valor natural non estarían en perigo. Atopariamos neste caso a Pincheira de Fervenza (malia dunha máis que discutible e recente intervención municipal para arranxar o seu entorno), e os plataneiros do xardín da Casa Grande en Viloira.

Dentro do propio casco urbano danse zonas de especial relevancia e que serían merecedoras de ser declaradas, con urxencia, espa-

